

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL

ART. 1 - FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e polo art 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa pola utilización da piscina municipal, á que se refire o art 20.4 o) da Lei 39/88 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, modificada por Lei 25/98 de 13 de xullo de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto bo art 58 da devandita Lei 39/88

ART. 2 - FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible a utilización da piscina municipal por particulares e entidades con motivo de ocio, espectáculos e actos extradeportivos, etc

ART. 3 - SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza.

ART. 4 - RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras concursos, sociedades ou entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

ART. 5 - BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:
 - A) entrada: 3,60 €
 - B) bono individual (con dereito a 20 entradas)
 - residentes no municipio (adultos: 12,02 €) (nenos ata 16 anos: 6,01 €)
 - non residentes no municipio (adultos: 24,04 €) (nenos ata 16 anos: 12,02 €)

- C) Bono familiar: con dereito así mesmo a 20 entradas aínda que só para as persoas que estean empadroadas no Concello de O Pino
- bono pai e nai : 15,02 €
 - cota 1º fillo: 6,01 €
 - cota 2º fillo: 3,00 €
 - cota 3º fillo(ou máis): 0

As persoas que accidentalmente residan no Concello polo período das vacacións poderán acceder as mesmas tarifas que os residentes aínda que non figuren inscritos no Padrón, previa comprobación dos servizos técnicos municipais.

- D) Cursos de natación (é obrigatorio estar aboadado)
- cursos en xeral ata un máximo de 2 días á semana:
 - nenos ata 16 anos: 3 €/mes
 - adultos: 9 €/mes

E) Carné xove

Tódolos xoves que acrediten estar en posesión do carné xove, terán un desconto do 25%

ART. 6 - EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Estarán exentos do pagamento da taxa:

- A utilización das instalacións deportivas para a celebración de campionatos escolares
- A utilización das instalacións para actividades de carácter benéfico, sexan ou non deportivas
- A utilización das instalacións para actividades organizadas polo Concello
- A utilización das instalacións para actividades de escolas deportivas

ART. 7 - RETRIBUCIÓN

A taxa retribúese no momento mesmo en que se inicie a prestación do servizo. Os usuarios serán responsables dos danos que causen nas instalacións e estarán obrigados á reparación dos mesmos. O Concello de O Pino poderá esixir depósito previo da taxa para responder no seu caso das indemnizacións polos desperfectos que podan producirse ou calquera outro depósito complementario coa finalidade antedita.

Estes últimos depósitos podeán ser constituídos en metálico mediante aval bancario, ou en calquera outra forma autorizada pola lexislación local, e serán devoltos no seu caso unha vez que se amose, mediante informe do encargado da instalación, que non foron causados danos ou que estes xa foron reparados.

ART. 8 - XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase na Tesourería do Concello ou no propio recinto da piscina

ART. 9 - INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para o tocante ás infraccións e sancións, rexerá o disposto nos arts, 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano 2001 e rexerá ata a súa derogación ou modificación, sendo aprobada por acordo do Pleno en sesión do día